



Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Risco, cultura e medio ambiente			Código	615G01417
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación	Santiago Gómez, Elvira	Correo electrónico	elvira.santiago@udc.es		
Profesorado	Santiago Gómez, Elvira	Correo electrónico	elvira.santiago@udc.es		
Web					
Descrición xeral	A asignatura de Risco, Cultura e Medio Ambiente tenta cubrir un baleiro moi importante no plano de estudos do Grao en Socioloxía, é dicir, a preocupación da teoría sociolóxica máis recente polos fenómenos que están a estruturar as sociedades avanzadas. A partires dun afondamento na teoría sociolóxica sobre o risco e sobre a sociedade do risco, este curso ten como obxectivo presentar aos alumnos unha das áreas máis importantes da actual investigación sociolóxica. Baixo moi diferentes conceptualizacións, o que a nova teorización sociolóxica ven a cuestionar é o fundamento mesmo do seu propio traballo, isto é, a división eminentemente moderna entre os fenómenos da sociedade contra os fenómenos da natureza o, noutros termos, a cultura contra o medio ambiente.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Ao rematar con éxito a materia, os alumnos serán capaces de distinguir ás teorías sociais sobre os riscos ambientais e tecnolóxicos na sociedade global.	A8 A24	B6 B21 B27	C1
Ao rematar con éxito a materia, os alumnos serán capaces de determinar os trazos específicos da sociedade do risco fronte ás sociedades modernas precedentes.	A8 A24	B6 B21 B26 B27	C1
Ao rematar con éxito a materia, os alumnos serán capaces de propor criterios relevantes para a avaliación de riscos, a xestión de crise e a mediación en conflitos sociais.	A21	B3 B6 B13 B24 B26 B27	C1
Ao rematar con éxito a materia, os alumnos serán capaces de avaliar a dimensión dos retos ambientais e tecnolóxicos da sociedade global.	A8 A23 A35	B3 B13 B16 B24 B27	



Ao rematar con éxito a materia, os alumnos serán capaces de identificar áreas de risco tecnolóxico e ambiental e de vulnerabilidade social.	A21 A23 A35	B3 B9 B16 B24 B27	
Ao rematar con éxito a materia, os alumnos serán capaces de defender actitudes de compromiso fronte aos riscos ambientais e tecnolóxicos.	A35 A36	B16 B27	C4 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: A TEORIZACIÓN SOCIOLÓXICA SOBRE O RISCO	Elementos do concepto de risco. A noción de risco na análise de risco-custo-beneficio. Visión técnica do risco. Abordaxe psicolóxica do risco. Abordaxe sociolóxica do risco. Concepcións de risco. Natureza social do risco. Teorías socio-culturais dos riscos. Riscos, incertezas e coñecemento científico. O principio de precaución. A comunicación de risco e a opinión pública. Xestión pública do risco.
TEMA 2: SOCIEDADE DO RISCO E MODERNIZACIÓN REFLEXIVA	O risco como unha nova modernidade. ¿Que é a modernización reflexiva? Sociedade do risco. Risco e reflexividade. Riscos e incertezas. Procesos de "individualización". A aparición da sub-política. Cara a unha nova modernidade: unha maior diferenciación, o modelo da "mesa redonda" e a reforma da racionalidade.
TEMA 3: RISCOS MEDIOAMBIENTAIS	A construción da división entre a natureza e a sociedade. A inestabilidade do concepto da natureza. A construción social da natureza. O lugar de construción das cuestións ambientais. Ciencia e construción social do risco ambiental. A gobernanza dos problemas ambientais. A transformación política do ambientalismo moderno. A política da natureza. Ambientalismo e globalización.
TEMA 4: RISCOS TECNOLÓXICOS	Perspectivas sociolóxicas sobre a tecnoloxía. Teoría do cambio socio-técnico. A análise de redes de cambio técnico. A construción social de feitos e artefactos. A resistencia á nova tecnoloxía. A tese do "accidente normal". Winner: a tecnoloxía como lexislación ou do contido político dos sistemas tecnolóxicos.
TEMA 5. AVALIACIÓN DE RISCOS	Risco e racionalidade. O papel do experto na avaliación do risco. Obxectividade e valores na avaliación do risco. Cinco dilemas na avaliación dos riscos. Cuestións estratéxicas na avaliación dos riscos. A estratexia de risco percibido e o parecer dos expertos. A estratexia probabilística e a democracia. A estratexia utilitaria e a incerteza. A estratexia da produción. A estratexia isolacionista. Novos rumbos na avaliación dos riscos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A8 A21 A23 A35 A36 B3 B6 B9 B13 B16 B24 B26 B27 C1 C4 C8	6	18	24
Mapa conceptual	A8 A21 A24 B3 B6 B13 B21 B24 B26 B27 C1	2	2	4



Proba obxectiva	A8 A24 B6 B21 B27 C1	2	18	20
Recensión bibliográfica	A8 A24 B6 B21 B26 B27 C1 C6	8	32	40
Obradoiro	A8 A21 A24 B3 B6 B13 B21 B24 B26 B27 C1	6	0	6
Sesión maxistral	A8 A21	13	0	13
Atención personalizada		5.5	0	5.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Isto implica a aplicación dos conceptos e teorías aprendidas no curso e as metodoloxías de análise cualitativas e cuantitativas ao estudo detallado dun caso dende o punto de vista do risco. O estudo de caso concreto será acordado entre o alumnado e a profesora. O estudo será desenvolvido, se é posible, en grupos de máximo tres alumnos.
Mapa conceptual	Os alumnos han de analizar un dos textos básicos sobre o tema e desenvolver o mapa conceptual do texto. O profesor asignará a cada alumno o texto a analizar.
Proba obxectiva	O coñecemento dos aspectos relevantes do contido teórico do curso debe ser demostrado a través da realización dun exame.
Recensión bibliográfica	Os alumnos deberán presentar unha recesión de calquera dos textos básicos ou da literatura específica e colocarlo no contexto da discusión sobre o contido da materia.
Obradoiro	Aplicación de aprendizaxes nos que se combinarán diversas metodoloxías (exposición, debates, profundización nun tema guiada por unha persoa especialista) o alumnado desenvolverá as tarefas con apoio e supervisión do profesorado.
Sesión maxistral	O profesor dará clases maxistras ao inicio do cuatrimestre sobre os contidos fundamentais de cada un dos temas tratados ao longo do curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Recensión bibliográfica Estudo de casos	Os alumnos deben comparecer a polo menos dous tutoriais para consultar co profesor o estudo de caso, a recesión e o desenvolvemento do mapa conceptual.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Recensión bibliográfica	A8 A24 B6 B21 B26 B27 C1 C6	Contextualización dos textos recomendados nos debates e preocupacións propias do contido do curso. Será realizada individualmente.	20
Proba obxectiva	A8 A24 B6 B21 B27 C1	Realización dunha revisión do contido teórico do curso. Será realizada individualmente.	20
Mapa conceptual	A8 A21 A24 B3 B6 B13 B21 B24 B26 B27 C1	Análise do mapa conceptual dun texto relevante na literatura básica da materia. Será realizada individualmente.	10
Estudo de casos	A8 A21 A23 A35 A36 B3 B6 B9 B13 B16 B24 B26 B27 C1 C4 C8	Descrición detallada dun caso concreto e análise de caso á luz das teorías e metodoloxías relevantes. O traballo terá lugar, se é posible, en grupos.	30
Obradoiro	A8 A21 A24 B3 B6 B13 B21 B24 B26 B27 C1	Participación activa nas actividades propostas e entrega dos documentos de resultados alcanzados. Se realizará individualmente	20



Observacións avaliación

O ensino da asignatura organizase en formato de seminario. En consecuencia, é fundamental a efectos da avaliación a asistencia regular e a participación activa nas clases. Non se realizará exame final para os alumnos con asistencia regular as clases, a avaliación se realizará atendendo a calificación dos traballos e prácticas entregados ao longo do curso nas datas acordadas ao inicio do mesmo. O alumnado que non supere a asignatura polo sistema de avaliación continua que contempla esta guía, realizará unha proba obxetiva nas datas oficiais de primeira o segunda convocatoria nas que se examinará do contido completo da asignatura. Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coanormativa académica vixente da UDC.?

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Winner, Langdom (1979). Tecnología autónoma. Barcelona. Gustavo Gili - Winner, Langdom (1987). La ballena y el reactor. Una búsqueda de los límites en la era de la alta tecnología. Barcelona. Gedida - Latour, Bruno (2012). Políticas de la naturaleza. Por una democracia de las ciencias. Barcelona. RBA Libros - Lash, Scott (2007). Sociología del postmodernismo. Buenos Aires. Amorrortu - Giddens, A., Beck, U. & Lash, S. (1997). Modernización reflexiva. Política, tradición y estética en el orden social moderno. Madrid. Alianza editorial - Giddens, Anthony (1999). Consecuencias de la modernidad. Madrid. Alianza editorial - Latour, Bruno (2007). Nunca fuimos modernos. Ensayo de antropología simétrica. Buenos Aires. Siglo XXI - López Cerezo, J. A. & Luján, J. L. (2000). Ciencia y política del riesgo. Madrid. Alianza editorial - Beck, Ulrich (2006). La sociedad del riesgo. Hacia una nueva modernidad. Barcelona. Paidós - Beck, Ulrich (2006). La sociedad del riesgo global. Madrid. Siglo XXI - Douglas, M (1996). La aceptabilidad del riesgo según las ciencias sociales. Grupo Planeta - Jasanoff, S (2003). Technologies of Humility: Citizen Participation in Governing Science. Minerva
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Ramos, Ramón (1999). Prometeo y las flores del mal. El problema del riesgo en la sociología contemporánea. Madrid. CIS - Luján, J. L. & Echeverría, J. (2004). Gobernar los riesgos. Ciencia y valores en la sociedad del riesgo. Madrid. OEI - Douglas, Mary (1996). La aceptabilidad del riesgo según las ciencias sociales. Barcelona. Paidós - Beck, Ulrich (2007). Un nuevo mundo feliz. La precariedad del trabajo en la era de la globalización. Barcelona. Paidós

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía social e cultural/615G01102
 Teoría sociolóxica 1/615G01110
 Teoría sociolóxica 2/615G01203
 Estrutura e cambio social/615G01208

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Globalización, medio ambiente e poboación/615G01409
 Acción colectiva e cooperación social/615G01416

Materias que continúan o temario

Observacións



A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:

Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático

Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos

De se realizar en papel:

- Non se empregarán plásticos.
- Realizaranse impresións a dobre cara.
- Empregarase papel reciclado.
- Evitarase a impresión de borradores.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías